



Paisaxe, traballo e capital únense nunha tríade inseparable que configura a historia da Galicia moderna como unha historia da ollada. Nela enlázanse as formas de ver e facer ver espazos e lugares –cos seus habitantes– en distintos momentos históricos. A paisaxe é unha sorte de fantasma do territorio, un espazo de encontro, dun ollar en común. Nela é vital o que se mira e o que se furta á ollada. Invisible, baixo a paisaxe, ten lugar outra historia, a da extracción, da conversión do territorio en recurso, e da súa mobilización, reparto e loita. Así, os fluxos do capital atravesan sen tocala a paisaxe, como a imaxe política colectiva que organiza o acceso ás diferentes clases de riquezas que os territorios achegan. Se a paisaxe é un *imaxinar-mirar vendo*, como en todo ollar importa preguntarse *desde onde*.

Hai aquí dúas liñas no paisaxismo galego, que poden contemplarse á luz mutua. Unha é herdada. Ten carácter histórico. Fala non da paisaxe que hoxe aínda vemos, senón da que xa non. Das fantasmas de anteriores paisaxes, testemuñas dunha ollada diferente ao territorio antes da súa modernización acelerada. Falan doutras vinculacións, dos comunais, de antigos paraísos. Son ás veces tamén paisaxes como refuxio, como as mariñas no exilio interior de Plácido Castro. Porque a historia do galeguismo resulta inseparable do traballo de pintoras, fotógrafos e poetas que proxectaron desde o século XIX unha inflexión colectiva, un brillo do posible, sobre as xeografías particulares do seu mundo. Outro mesmo fixeron tamén os artesáns «do país portátil» das cerámicas Celta en Pontecesures. É difícil aceptar destruír aquilo que se aprendeu a mirar con tanto amor. Pero as paisaxes son fráxiles como a cortiza dun barro.

A outra liña do paisaxismo enfócase no presente: quere unhas veces fragmentar a ollada, e outras reencantar a paisaxe, quere abrazar as súas feridas ou *hackear* os códigos dixitais cos que se traduce en recurso xestionable. Entre ambos tempos do paisaxismo situamos a promoción do turismo, coa súa transformación do mar en mariscada. Esta amósase nas postais pop do desenvolvemento franquista. Esa liña de ruptura representa tamén un corte na configuración transatlántica da modernidade galega. Contra as ruínas do universo indiano, coa súa comprensión dun capitalismo asociativo e dun benestar mutualizado, xorde unha estrutura de xestión centralizada no franquismo que asume o mito paisaxista de Galicia como atraso.

Claro que a árbore do capital indiano ten no seu reverso asemade un inconsciente ideolóxico. Tamén hai unha cara oculta da paisaxe, onde atopamos o traballo que a sostén e internamente a organiza. Porque a súa beleza ten que ver con que o traballo invisible fai materialmente posible esa paisaxe, os seus vencellos –por exemplo– coa industrialización do traballo mariñeiro, os cambios nas artes da pesca ou o crecemento dos fluxos de migración. A configuración histórica da beleza transatlántica dispónse así nun fluxo secular de migrantes galegos, dun proletariado desprazable que, de Cuba a Buenos Aires e de Barcelona a París, prové dos recursos necesarios na compra das terras, no camiño cara a independencia económica dos habitantes das *Bellezas de Galicia* na súa hora moderna decisiva.

Un camiño no mar: paisaxe, capital e traballo